

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SADA**

*ANUNCIO da terceira convocatoria do proceso selectivo para a provisión dunha praza da escala de Administración xeral, subescala técnica, incluída na oferta de emprego público de 2021.*

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña (BOP) núm. 237, do 10 de decembro de 2024, foi publicado o anuncio da resolución pola que se convoca novamente a provisión en propiedade da praza vacante deste concello coas seguintes características:

– 1 (unha) praza vacante de persoal funcionario de carreira da escala de Administración xeral, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1 de clasificación.

Sistema selectivo: oposición por quenda libre.

As bases que van rexer a convocatoria foron publicadas integramente no BOP núm. 85, do 5 de maio de 2023, e a súa corrección, no BOP núm. 163, do 26 de agosto de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

Sada, 10 de decembro de 2024

Óscar Benito Portela Fernández  
Alcalde

